



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 5 DE DECEMBRO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

MARÍA JOSÉ PERNAS DIAZ

MANUELA LÓPEZ RODRÍGUEZ

LUCÍA PICOS ANEIROS

AUSENTES:

Escusa a súa asistencia o Concelleiro:

ISMAEL DURÁN BEREJO

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARÍA CARMEN MENÉNDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 5 de decembro de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 21.11.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 21.11.2025, ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2025/U022/000012

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.12.2025, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 05.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2025/U022/000012



OBXECTO:	Construción de vivenda unifamiliar en
PROMOTOR/A:	
CONSIDERACIONS URBANÍSTICAS:	
CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO:	Solo urbano de núcleo rural de baixa densidade grado 2
REFERENCIA CATASTRAL:	
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:	49.553,76 €
ALTURA, VOLUMES E OCUPACIÓN DE PARCELA PERMITIDOS:	Altura cornixa: 3,25 m Superficie construída: 105,36 m ² Ocupación: 16,03 %
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:	Proxecto básico de vivenda unifamiliar illada prefabricada de planta baixa de Novembro de 2025
TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: DIRECTOR EXECUCIÓN E COORDINADOR DE SE Y SA:	Luis Felipe Cabezas Torrelo COAG 3164 Nuria Trillo Valeiro COAG 5464 Jorge Magariños Candal, COATAC 3065
PRAZO DE INICIO:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
PRÓRROGAS:	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
NORMAS DE APLICACIÓN DIRECTA:	As edificacións respectarán as características propias da arquitectura tradicional do lugar. A tal fin, de acordo coas condicións xerais a nova construción integrárase no entorno en canto a materiais, cores e acabados das fachadas, cubertas, carpinterías e outros elementos visibles en relación ás solucións tradicionais das edificacións existentes.
CESIÓN VIAIS:	Documento asinado con data 28.11.2025 (35,35 m ²)



CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 26.11.2025)	CONDICIÓN PARTICULARES: LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA: - A documentación achegada e completa correspondente ao Proxecto Básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar as obras de construción, para a que se deberá de achegar: -Proxecto de execución -A actuación require control arqueolóxico previo ao inicio das obras.
CONDICIÓN XERAIS DAS LICENZAS: XGL 03/07/2020	

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal en data 26.11.2025
- Visto o informe xurídico emitido pola Técnico de Administración Xeral de data 01.12.2025.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal de edificación solicita.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 26.11.2025

2. As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.
3. Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito e presentar perante a Xerencia Territorial do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributario ou neste Concello que, á súa vez, remitirá a documentación de acordo coa lexislación vixente.
 - De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.
4. Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.
5. Incluir na notificación do acordo as condicións xerais e accesorias da licenza aprobadas na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de xullo de 2020.
6. Notificar o presente acordo á persoa interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.



3. RECOÑECEMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/55

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.12.2025, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000377

Asunto: RECOÑECEMENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/55

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/55 que suma un importe total de 54.431,66 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/1966	A182 A182-25-0011	08/07/2025	A70124201	LANCER PROYECTOS Y OBRAS SA	Fresado de pavimento existente	O	1532	61900	32.845,03 €
F/2025/3622	V-FACTUR25 2025/3243	31/10/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Outubro 2025	SE	1623	22799	22.586,63 €
								TOTAL	55.431,66 €

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 02.12.2025 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2025/55.

Visto o Decreto de Alcaldía número 665/2025 de data 02.12.2025 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.



Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2025/55 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2025 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 54.431,66 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 54.431,66 euros.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/57

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.12.2025, que literalmente di:

“**Expediente:** 2025/G006/000381

Asunto: RECOÑECIMIENTO, FISCALIZACIÓN, APROBACIÓN E PAGO DA RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/57

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/57 que suma un importe total de 130.285,34 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/3660	N2025 236	28/11/2025	B98961519	ZONYX TECH SLU	Instalación a la Red Española de Piscinas Inteligentes Conectadas (RED EPIC)	SE	341	22706	87.120,00 €
F/2025/3669	25 392	30/11/2025	B82485855	HALLKUSS CORPORATION, S.L	SERVICIO DE LIMPIEZA VIARIA Y RECOGIDA DE RSU NOVIEMBRE DE 2025	SE	1621	22799	43.165,34 €
								TOTAL	130.285,34 €



Visto o informe de REPARO de Intervención de data 03.12.2025 relativo á fiscalización da relación número de facturas F/2025/75.

Visto o Decreto de Alcaldía número 667/2025 de data 03.12.2025 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollerse para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2025/57 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2025 e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 130.285,34 euros.

SEGUNDO.- Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 130.285,34 euros.



TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

5. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2025/X999/000232

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 03.12.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2025/X999/000232.

Solicitude: 202500000003798
Data: 07/11/2025
Solicitante:
Expediente: 2025/X999/000232

ANTECEDENTES

Datos identificativos:
Nº Fixo: 253000756407
Enderezo:
Referencia catastral:

Primeiro. presenta solicitude de anulación do recibo sinalado para o exercicio 2025, por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Modelo 036 da AEAT de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores de Panadería Durán Taracido S.L. Data de baixa: 19.12.2024.

Segundo. Consta informe da policía local de data 13/11/2025 que conclúe:

“Examinada la solicitud presentada, realizadas gestiones oportunas y recabada la información necesaria: Se comprueba que la persona/empresa solicitante ha dejado de ejercer todo tipo de actividad en la ubicación indicada, y por lo tanto se emite informe FAVORABLE para la solicitud de cese de actividad.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da



aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021, sendo aplicable dende o 7 de xuño de 2021.

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindícaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.

II.C. O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

III. De conformidade co informe da policía local que figura no expediente, a actividade empresarial non se exerce na actualidade, polo que procede a baixa no padrón da taxa de recollida de residuos, a anulación do recibo indicado e a liquidación da cantidade correspondente por dous trimestres.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

SEGUNDO. ANULAR os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
---------	-----------	---------------------	----------------	-----	-----------	----------



253000756407	20253515022RL01R002634		2025	288,81 €
--------------	------------------------	--	------	----------

TERCEIRO. Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó/á interesado/a.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

6. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERIODOS 2022, 2023 E 2024. EXP: 2025/X999/000234

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 03.12.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS DOS PERIODOS 2022, 2023 E 2024. EXP: 2025/X999/000234.

Solicitud: 202500000003648
Data: 28/10/2025
Solicitante:
Expediente: 2025/X999/000234

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000647057

Exercicios: 2022, 2023, 2024

Primeiro. Preséntase solicitude por

en data 28.10.2025 e nº de rexistro de entrada 202500000003648, para anulación dos recibos da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos dos exercicios 2022, 2023 e 2024.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

Terceiro. Consta informe da policía local de data 14/11/2025 que conclúe:

“Examinada la solicitud presentada, realizadas gestiones oportunas y recabada la información necesaria: Se comprueba que en el bajo sito en se ha dejado de ejercer todo tipo de actividad por parte del solicitante, y por lo tanto se emite informe FAVORABLE para la solicitud de cese de actividad.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO



I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

Consta informe da policía local de data 14/11/2025 que conclúe:

“Examinada la solicitud presentada, realizadas gestiones oportunas y recabada la información necesaria: Se comprueba que en el bajo sito en _____ se ha dejado de ejercer todo tipo de actividad por parte del solicitante, y por lo tanto se emite informe FAVORABLE para la solicitud de cese de actividad.”

VII. Anulación e baja en padrón.



A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercicios 2022, 2023 e 2024 por corresponder a un baixo sen actividade comercial e sen vivenda. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647057	20223515022RL01R004834					2022	61,25 €
253000647057	20233515022RL01R002805					2023	63,80 €
253000647057	20243515022RL01R001031					2024	63,80 €

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a baixa no Padrón fiscal do recibo.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. ANULAR os seguintes recibos, por corresponder a un baixo sen actividade comercial e sen vivenda:

Nº FIXO	ID. VALOR	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	TITULAR	NIF/CIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000647057	20223515022RL01R004834					2022	61,25 €
253000647057	20233515022RL01R002805					2023	63,80 €
253000647057	20243515022RL01R001031					2024	63,80 €

SEGUNDO. COMUNICAR este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.



TERCEIRO. NOTIFICAR o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

7. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000250

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 27.11.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP: 2025/X999/000250.

ANTECEDENTES

Datos ben inmoible:

Enderezo:

Ref catastral:

Nº fixo recibo: 253000645194

Exercicio: 2025

Primeiro. Compróbase polos Servizos de Recadación que procede a anulación do recibo da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do exercicio 2025, por non ser correcto o suxeito pasivo.

Segundo. Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmoibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada



definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2025, segundo o Catastro, son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF/CIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

VII. Anulación, liquidación e alta en padrón.

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibo correspondente ao exercicio 2025 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos do recibo a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	REF. CATASTRAL	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
---------	-----------	------------------------	----------------	---------	-----	-----------	----------



Concello de Cedeira

Tel.: 981 480 000- Fax: 981 482 506 | correo@cedeira.gal

Rúa Real, 15 | 15350 Cedeira – A Coruña

253000645194	20253515022RL01R002840		2025	68,25 €
--------------	------------------------	--	------	---------

Igualmente procede a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

O dereito da Administración para determinar a débeda tributaria mediante a oportuna liquidación prescribe aos 4 anos (art. 66.a LXT), comezando o seu cómputo o día da devindicación do tributo (art. 67.1 LXT).

Por último procede a alta no Padrón do titular catastral actual.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Anular o seguinte recibo, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	REF. CATASTRAL	TITULAR	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645194	20253515022RL01R002840					2025	68,25 €

SEGUNDO. Aprobar a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente ao exercicio 2025 ao titular que consta nos datos do Catastro á data de devindicación da taxa.

TERCEIRO. Comunicar este acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e tramitación oportunos.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

8. APROBACIÓN ANTICIPO SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASSEMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA DE CEDEIRA CON NIF Q2866001G PARA O ANO 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.12.2025, que literalmente di:

“**Expediente:** 2025/A005/000008

Procedemento: Concesión subvencións nominativas

Asunto: APROBACIÓN ANTICIPO SUBVENCIÓN NOMINATIVA ASSEMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA DE CEDEIRA CON NIF Q2866001G PARA O ANO 2025

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.11.2025, acordouse a aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asemblea Local de Cruz Vermella de Cedeira, con CIF Q2866001G para o ano 2025.



O 26.11.2025 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a antedita asociación, unha vez presentada a documentación esixida na cláusula terceira do convenio.

O importe a subvencionar é de 3.800,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 135.489.00 do orzamento municipal para o exercicio 2025.

Consta no expediente informe favorable de Intervención de data 02.12.2025 relativo ao anticipo do 100% do importe da subvención, reténdose o 30% en concepto de garantía ata a xustificación do importe concedido.

Por todo iso, de conformidade co disposto na lexislación vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local, a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Recoñecer a obriga e aprobar o pago do anticipo correspondente ao 100% do importe subvencionado, isto é, 3.800,00€, con cargo a aplicación 135.489.00 do orzamento do ano 2025 a favor da beneficiaria, a Asemblea Local de Cruz Vermella de Cedeira, con CIF Q2866001G.

SEGUNDO.- Reter o 30% do importe da subvención en concepto de garantía de conformidade con previsto na cláusula quinta do convenio.

TERCEIRO.- Dar coñecemento da presente resolución aos departamentos de tesourería e intervención aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

9. ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS NAS RÚAS ORTIGUEIRA, RIO CONDOMIÑAS, RIO LAMAS E RIO TIXÓN”. POS+ADIC 2/2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DA OBRA DENOMINADA “RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS NAS RÚAS ORTIGUEIRA, RIO CONDOMIÑAS, RIO LAMAS E RIO TIXÓN”. POS+ADIC 2/2023

Nº Expediente: 2025/C003/000008

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 10.10.2025 foi aprobado o expediente e o Prego de Cláusulas Administrativas particulares para a adxudicación do contrato de obra denominado “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Rio Condomiñas, Rio Lamas e Rio Tixón”, por procedemento aberto simplificado, e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 14.10.2025 foi publicada a licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público.

No prazo de presentación de ofertas recibíronse as seguintes proposicións:

Nº. OFERTA	LICITADOR	DATA E HORA PRESENTACIÓN
---------------	-----------	--------------------------



1	JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC S.A.	03/11/2025 22:33
2	AMBIENTUM TRAT. GLOBAL M. AMBIENTE S.L	03/11/2025 18:38

A Mesa de contratación na súa reunión de data 4 de decembro de 2024 valorou as ofertas da seguinte maneira:

1.- Descifrado e apertura dos arquivos que conteñen as proposicións de todas as empresas presentadas, resultando todas admitidas, unha vez comprobado que a documentación é correcta.

2.- As ofertas económicas presentadas son as seguintes:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	PUNTOS	Temeraria
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC S.A.	106.300,00	3,96	non
AMBIENTUM TRATAM. GLOBAL M. AMBIENTE S.L	107.438,02	0,00	non

3.- Comprobada a non existencia de ofertas incursas en presunción de anormalidade, continúaase coa lectura do contido das ofertas presentadas:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Plantilla	Nº fixos	% fixos	Nº mulleres	% mulleres
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC S.A.	106.300,00	30	25	83,33%	2	8%
AMBIENTUM TRATAM. GLOBAL M. AMBIENTE S.L	107.438,02	5	3	60%	1	33,33%

4.- Da valoración dos criterios cuantificables automaticamente mediante a aplicación de fórmulas recollidas no anexo V do PCAP de cada un dos apartados contidos nas ofertas presentadas despréndese a seguinte puntuación:

Licitador	C.I. Oferta económica	C.II.1 Persoal fixo	C.II.2 Mulleres contrato fixo	Total
JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUC S.A.	3,96	15	3,33	22,29
AMBIENTUM TRATAM. GLOBAL M. AMB. S.L.	0,00	9	5	14,00

5.- A oferta presentada pola empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. é a mellor valorada. A mesa comproba no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que esta



empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e posúe a solvencia económica, financeira e técnica e non está incurso en prohibicións para contratar.

6.- Realizada a comprobación cun resultado favorable, a Mesa acorda:

- Requerir, mediante comunicación electrónica, ao licitador mellor valorado para que presente a documentación indicada na cláusula 16 do PCAP.
- Elevar ao órgano de contratación proposta de adxudicación do contrato denominado “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Río Condomiñas, Río Lamas e Río Tixón” a favor do seguinte licitador:

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN	
Licitador:	JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCC. S.A. CIF: A15013162
Importe:	106.300,00 € + 22.323,00 € (IVE). TOTAL: 128.623,00 €

Con data 13.11.2025 a empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A. presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a documentación que foi requirida. Presentou así mesmo a xustificación da constitución da garantía definitiva por importe de 5.315,00 € mediante certificado de seguro de caución núm. 40004278/00000024 da entidade aseguradora CASER Grupo Helvetia de data 07.11.2025.

Unha vez revisada esta documentación pola Mesa de contratación na súa reunión de data 02.12.2025, resulta correcta.

Con data 03.12.2025 emitíuse pola Intervención municipal informe favorable de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **propoño** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Adxudicar o contrato de obra denominado “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Río Condomiñas, Río Lamas e Río Tixón” a favor do licitador que presentou a oferta mellor valorada:

Licitador:	JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCC. S.A. CIF: A15013162
Importe:	106.300,00 € + 22.323,00 € (IVE). TOTAL: 128.623,00 €
Prazo de execución:	4 meses

2.- Dispoñer, pola contía de 128.623,00 €, o gasto que para este concello representa a contratación referenciada, con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 do estado de gastos do orzamento municipal do 2025.



3.- Notificar a JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES S.A., adxudicatario da obra “Renovación dos pavimentos nas rúas Ortigueira, Rio Condomiñas, Rio Lamas e Rio Tixón” o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba esta notificación.

4.- Unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario deberá presentar o Plan de Seguridade e Saúde da Obra axustado ao Estudio de Seguridade e Saúde do Proxecto para a súa aprobación polo Concello previo informe do Coordinador de Seguridade e Saúde e a súa posterior comunicación á autoridade laboral. Efectuado este trámite procederase á acta de comprobación do replanteo e inicio da obra.

5.- Notificar a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

6.- Publicar a adxudicación do contrato de obra na Plataforma de Contratos do Sector Público.

7.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

8.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

10. MODIFICACIÓN DAS BASES DO IV CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “FUSA GUILLÉN”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 03.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: MODIFICACIÓN DAS BASES DO IV CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO “FUSA GUILLÉN”

Visto que mediante a Resolución de Alcaldía núm. 605/2025, de data 05.11.2025, foron aprobadas as bases e a convocatoria do IV Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén”.

Visto que segundo establece a base 4.1 o Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” terá lugar os días 5, 6 e 12 de decembro e que das tres obras que foron seleccionadas só poden actuar un dos días dos tres propostos, estímase convinte modificar as datas de actuación para os días 30 de xaneiro, 6 e 13 de febreiro de 2026.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro. Aprobar a modificación da base 4.1 do IV Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén”.

Segundo. Publicar as bases modificadas na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello, quedando redactadas da seguinte forma:

IV Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén”



1. OBXECTIVO

1. O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” nace coa vocación de promover actuacións de compañías de teatro afeccionado galegas e organizar actividades relacionadas co teatro que melloren a vida cultural da Vila de Cedeira.

2. PARTICIPACIÓN

- 2.1 Este certame só está aberto a grupos de teatro afeccionado
- 2.2 Só se admitirá unha obra por grupo que queira participar.
- 2.3 As obras deberán ser representadas en galego e terán unha duración mínima de 50 minutos.

3. INSCRICIÓN

3.1 Para poder participar os grupos deberán cubrir unha solicitude xeral, ben presencialmente no rexistro xeral ou na sede electrónica do concello, incluíndo os seguintes datos:

- Nome do grupo
- Datos de facturación
- Nome da obra de teatro a representar e sinopse.
- Persoas que participan na obra (elenco e persoal técnico)
- Enlace a vídeo onde poder ver toda a obra, ou unha parte suficientemente representativa.
- Tres fotografías da obra en boa calidade. As fotografías presentadas poderán ser usados polo concello para publicidade do Certame de Teatro.
- Preferencia de datas

3.2 O prazo de inscrición será do 6 ao 20 de novembro de 2025

4. CALENDARIO

4.1 O Certame de Teatro Afeccionado “Fusa Guillén” terá lugar os días 30 de xaneiro, 6 e 13 de febreiro de 2026 no Auditorio Municipal de Cedeira.

4.2 O horario das representacións será ás 20:00 horas.

5. SELECCIÓN

5.1 Unha comisión seleccionadora composta por tres persoas da concellería de cultura e das artes escénicas será a encargada da elección dos tres grupos e dous reservas entre aqueles que formalizasen a súa inscrición en prazo, non podendo realizarse reclamacións a dita selección.

5.2 Unha vez seleccionados os grupos comunicaráselle a súa elección e acordaranse as datas de representación. Se algún grupo non poidera actuar nas datas previstas polo certame, descartarase a súa participación pasando o seguinte da lista a ocupar o seu posto.

6. REPRESENTACIÓN

6.1 Os grupos seleccionados terán a súa disposición o espazo para a montaxe do espectáculo desde as 10.00 h até as 14.00 h e desde as 16.00 h até media hora antes da representación.

6.2 Os grupos contarán co material técnico do auditorio (iluminación e son) e co persoal propio do mesmo.

6.3 A organización non facilitará elementos escenográficos de ningún tipo. Os labores de carga/descarga e montaxe/desmante de decorados e escenografía serán realizados integramente por persoal do grupo seleccionado.

7. DIETAS

7.1 A organización aboará a cantidade de 750 € a cada grupo seleccionado en concepto de gastos pola actuación.

7.2. Para poder facer efectivo o ingreso dos gastos, os grupos seleccionados emitirán unha factura por un valor total de 750 € dirixida ao concello de Cedeira a través da sede electrónica do concello especificando no concepto a súa participación no certame.



8. CONFORMIDADE

8.1 A presentación da documentación esixida implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

8.2 Calquera circunstancia non prevista nestas bases, así como a interpretación das mesmas, será responsabilidade do Concello de Cedeira, sendo as súas decisións inapelables.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

11. DAR CONTA DA FIRMEZA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 31.07.2025 E DO AUTO DE DATA 22.10.2025, P.O. 36/2024 DE REPRESENTACIÓN DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000001)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 31.07.2025 E DO AUTO DE DATA 22.10.2025, P.O. 36/2024 DE REPRESENTACIÓN DE CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2024/P002/000001)

Vista a sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 31.07.2025 (rex de entrada nº 202500000004083, de data 04.12.2025) en relación co procedemento ordinario P.O. 36/2024 de contra o Concello de Cedeira, cuxo fallo di:

“Que, debo **ESTIMAR PARCIALMENTE** el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de . quien actúa en representación de su hija menor contra la resolución del Concello de Cedeira, debo declarar y declaro la nulidad de dicha resolución por no ser conforme a Derecho, condenando a la Administración demandada a estar y pasar por este pronunciamiento, y a indemnizar a la menor en la cantidad de 5.360,68 euros, más los intereses legales devengados desde la fecha de la reclamación administrativa hasta su completo pago.

Así mismo, no procede la imposición de costas a ninguna de las partes.

Notifíquese esta sentencia a las partes, haciéndoles saber que contra la misma cabe recurso de apelación que, en su caso, deberá interponerse ante este mismo Juzgado dentro de los quince días siguientes a aquél en que se notifique esta resolución, art. 85.1 de la LJCA. Para la interposición de dicho recurso es necesaria la constitución de depósito en la cuenta de depósitos y consignaciones del Juzgado de acuerdo con lo establecido en la disposición adicional decimoquinta de la LOPJ y por el importe de 50 €, lo que deberá ser acreditado a la presentación del recurso.”

Visto o auto do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 22.10.2025 (rex de entrada nº 202500000004083, de data 04.12.2025) polo que se establece na súa parte dispositiva:



“HA LUGAR RECTIFICACIÓN, por lo que se acuerda, que se proceda a la rectificación de la cantidad en el sentido expuesto en antecedente primero de este auto, donde aparecen recogidas las cantidades corregidas.

Notifíquese esta resolución a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe recurso alguno.”

Por alusións, transcribse o antecedente primeiro do dito auto:

“Primero. - Con entrada el día 11-09-2025, se formulado escrito de rectificación de la sentencia Nº 118/2025, dictada en fecha de 31-07-2025, mediante viene a solicitar que se corrija en el texto de la sentencia un error aritmético en el Fundamento de Derecho QUINTO y en su parte dispositiva, es por lo que se viene a solicitar aclaración y rectificación, según lo presentado en su escrito, en el siguiente sentido:

1. Fundamento de Derecho QUINTO por lo siguiente: “Por lo anteriormente expuesto, se estima PARCIALMENTE la demanda, procediendo indemnizar a la menor según lo indicado por el perito judicial.

Perjuicio personal Básico 18 días 568,98

Perjuicio estético ligero 5 puntos 5.061,68

Lo que supone una indemnización total de **5.630,66 euros**.

2. En cuanto al Fallo de la sentencia, debe quedar también corregida la cantidad, en el siguiente sentido: “a indemnizar a la menor en la cantidad de 5.630,66 Euros”.”

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da firmeza da sentencia e do auto.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

12. DAR CONTA DA FIRMEZA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 23.07.2025, P.A. 43/2025 DE CHUBB IBERIA SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2025/P002/000002)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 02.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: DAR CONTA DA FIRMEZA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO/ ADMINISTRATIVO N. 1 DE FERROL DE DATA 23.07.2025, P.A. 43/2025 DE CHUBB IBERIA SL CONTRA O CONCELLO DE CEDEIRA (EXPTE 2025/P002/000002)

Visto que con data 06.08.2025 deuse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 23.07.2025 (rex de entrada nº 202500000002591, de data 28.07.2025) en relación co procedemento abreviado P.A. 43/2025 de Chubb Iberia SL contra o Concello de Cedeira.



Vista a dilixencia de ordenación do Xulgado Contencioso/Administrativo N. 1 de Ferrol de data 20.11.2025 (rex de entrada nº 202590000001945, de data 21.11.2025) pola que se acorda declarar firme a sentenza ditada.

Por todo o exposto, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Tomar coñecemento da firmeza da sentenza.

Segundo.- Dar traslado ós servizos de Intervención-Tesourería para os efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

13. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 636/2025 DE DATA 18.11.2025 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PELCONCELLOS 2026)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 636/2025 de data 18.11.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA DENTRO DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2026 (PEL-CONCELLOS 2026)

Vistas Bases do Programa de de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2026, PEL-CONCELLOS 2026, publicada no BOP núm. 197 de 15 de outubro de 2025.

Visto que nas bases se establecen os módulos e contías polos que a Deputación Provincial subvencionará os gastos derivados da contratación das persoas conforme aos módulos e tramos de asignación, correspondendolle a Cedeira como contía máxima de solicitude de subvención a cantidade de **46.000 €**, para a vixencia do programa que se extenderá ata o 31 de decembro de 2026.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar na Convocatoria do **PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2026** de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña axuda para a contratación de 3 Peóns / Peoas e 1 Limpador/ra durante **6 meses ao 100% da xornada:**

nº trab.	ocupación	Grup o	Código CNAE	Xornada	Base cotiz.	% cuota patron.	cuota patron.	total custo	Total custo 6	Total custo x nº
-------------	-----------	-----------	----------------	---------	----------------	--------------------	------------------	----------------	------------------	---------------------



		cotiz.						mensual	meses	traballadore s
3	Peóns	10	8411D)	100%	1.546,4 7	38,47%	594,93	2.141,4	12.848,4	38.545,2€
1	Limpador/ a	10	8411G)	100%	1.546,4 7	35,37%	546,99	2.093,46	12.560,7 6	12.560,76€
Custos salariais totais										51.105,96€

Ocupación	Grupo	Indemnización fin de contrato
3 Peón	10	1.284,84€
1 Limpador/a	10	418,69€
Total		1.703,53€

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

14. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 639/2025 DE DATA 18.11.2025 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 639/2025 de data 18.11.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA LIMPEZA DE PRAIAS 2026

Vista a Convocatoria do programa de limpeza de praias dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2026, publicada no BOP núm. 196 do 14 de outubro de 2025.

Tendo en conta a necesidade de contratar unha cuadrilla para o mantemento e limpeza das praias do concello.

Tendo en conta que nos datos da convocatoria establécese que o importe da subvención poderá oscilar entre un mínimo de 6.768,00€ e un máximo de 33.840,00€ para gastos de contratación de persoal durante os meses comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2026 ata un 100% do orzamento subvencionable.

Tendo en conta as limitacións á contratación laboral para o Concello, ante a posibilidade de realizar contratación externa. Vista a oferta presentada pola empresa “HALLCUSS CORPORATION S.L.” para a prestación do servizo de limpeza de praias con 4 peons/peoas a media xornada durante 3 meses e cun orzamento sen IVE de 14.998,85€ e con IVE (10%) de 16.498,74€

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.



Segundo.- Iniciar o expediente de solicitude de subvención á Excm. Deputación Provincial da Coruña ao abeiro da convocatoria do “Programa MA100, de subvencións para limpeza de praias marítimas, dirixido aos concellos da Provincia da Coruña, durante o exercicio 2026”, publicada no BOP número 196 do 14 de outubro de 2025. O custo, segundo a oferta presentada da contratación dunha cuadrilla de 4 peóns a media xornada durante un prazo máximo de 3 meses comprendidos entre o 1 de abril e o 31 de outubro de 2026, sendo o importe o seguinte:

	Retribución 3 meses
Base	14.998,85€
IVE (10%)	1.499,88€
TOTAL	16.498,74€

Terceiro.- Aceptar as condicións das bases reguladoras establecidas en dita Convocatoria.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

15. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 642/2025 DE DATA 19.11.2025 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 642/2025 de data 19.11.2025, que di:

“SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA MANTEMENTO PERSOAL DAS OFICINAS DE TURISMO 2026

Vistas Bases do Programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para o financiamento do gasto de persoal das oficinas de turismo no ano 2026, publicadas nos BOP núm. 196 de 14 de outubro de 2025.

Visto que nas bases do referido Programa se establece que se financiarán os gastos dende o 01 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026 e a cuantía máxima a subvencionar será de 20.000 € e a mínima de 10.000€ e o orzamento presentado será como máximo de 20.000€.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de subvencións dirixido aos concellos e agrupacións de concellos da provincia de A Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2026 por importe de 20.000€.

Para o mantemento da Informadora turística municipal a xornada completa cuxo custo anual como persoal laboral fixo ascende a:



Ocupación	GC	Núm.	Retribución anual total	Seguridade Social	Total Custo
Inf. Turismo	2	1	30.200,26€	10.047,63 €	40.247,89€

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 646/2025 DE DATA 20.11.2025 DE SOLICITUDE AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E ACTUACÍONS DE LOITA CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA NO ANO 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 646/2025 de data 20.11.2025, que di:

“SOLICITUDE AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROGRAMAS DE SUBVENCÍONS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL A CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS PARA FINANCIAR ACTIVIDADES DE ENVELLECIMENTO ACTIVO E ACTUACÍONS DE LOITA CONTRA A SOIDADE NON DESEXADA NO ANO 2026

A Excma. Deputación Provincial da Coruña publicou no BOP nº 196 do 14 de outubro de 2025 a convocatoria de programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña a concellos e entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2026

Visto que nos datos da convocatoria se establece que o importe máximo da subvención a conceder será de 7.000 euros.

Considerando o interés en realizar un programa de envellecemento activo para as persoas maiores consistente no desenvolvemento de sesións de “Obradoiro de memoria 2026” do mes de xaneiro ao mes de xuño e do mes de setembro ao mes de decembro do ano 2026.

Por todo o exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

Segundo.- Solicitar ao abeiro da convocatoria de programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña a concellos e entidades locais para financiar actividades de envellecemento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada no ano 2026 as subvencións que se relacionan:

PROGRAMA	OBXECTO	GASTO PREVISTO	IMPORTE SOLICITADO
Subvención para actividades de	Obradoiro de Memoria 2026	12.179 €	7.000€



envelhecimento activo e actuacións de loita contra a soidade non desexada 2026	Estimulación cognitiva para persoas maiores no Concello de Cedeira		
--	--	--	--

Terceiro.- Aceptar as condicións contidas na convocatoria de subvención

Cuarto.- Dar conta esta Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

17. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 648/2025 DE DATA 21.11.2025 DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2026

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 648/2025 de data 21.11.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATAR PERSOAL TÉCNICO DEPORTIVO PARA O ANO 2026

Vistas Bases do Programa de subvencións dirixido a concellos e entidades locais para financiar gastos de persoal Técnico deportivo nos Servizos municipais de Deporte en 2026, publicada no BOP núm. 196 de 14 de outubro de 2025.

Visto que nas bases do referido Programa se establece que o importe de subvención será un máximo de 10.000 euros no caso de contratación de persoal con titulación de formación profesional a xornada completa para un ano completo e que se deberá prorratear no caso de non ser así.

RESOLVO:

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público

Segundo.- Solicitar subvención á Deputación Provincial da Coruña ao abeiro do Programa de subvencións dirixido a concellos e entidades locais para mantemento ou contratación de persoal técnico deportivo durante o ano 2026, publicada no BOP núm. 196 de 14 de outubro de 2025 por importe de 5.000€ para 6 meses a xornada completa segundo o disposto na Base 8 das bases de convocatoria.

Para a contratación dos servizos de persoal técnico deportivo coa titulación de técnico superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, que preste servizos a xornada completa e a través dunha empresa durante **6 meses ao 100% da xornada:**

	TOTAL BASE	IVE 21%	TOTAL
6 MESES	14.998 €	3.149,58€	18.147,58€

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”



A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

18. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 656/2025 DE DATA 26.11.2025 DE ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A DIXITALIZACIÓN DA PISCINA CUBERTA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 656/2025 de data 26.11.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: ADXUDICACIÓN DO SUBMINISTRO PARA A DIXITALIZACIÓN DA PISCINA CUBERTA

Nº Expediente: 2025/C005/000005

O Concello de Cedeira, mediante resolución do Consello superior de Deportes de data 24 de xuño de 2024, recibiu unha subvención por importe de 45.604,97 € dentro do marco da Orde CUD/702/2023, do 26 de xuño, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas do Consello Superior de Deportes a entidades públicas titulares de infraestruturas para mellora e optimización de instalacións e espazos deportivos que fomenten o turismo deportivo sostible, con cargo aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Ao abeiro da referida axuda desenvolve o proxecto de “Dixitalización da Piscina Cuberta” co obxectivo de integrar a súa instalación na Rede Española de Piscinas Intelixentes Conectadas (Rede E.P.I.C), co obxectivo de fomentar o turismo deportivo nacional e internacional a través da mellora da experiencia dos nadadores mediante unha ferramenta de monitorización en vivo da actividade dos deportistas xunto cos contidos de Club RFEN.

Consta no expediente levado a cabo para o efecto o anteproxecto para a dixitalización da piscina cuberta, cun presuposto base de licitación de 87.120,00 € IVE incluído; e a Memoria descriptiva de análise de xestión das instalacións, ambos documentos asinados pola Alcaldía con data 11.08.2023.

Mediante o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21.11.2025 foi aprobado o expediente de contratación e os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a adxudicación do contrato denominado “Subministro para a dixitalización da piscina cuberta”, por procedemento negociado sen publicidade; e así mesmo autorizouse o gasto que supón a súa adxudicación.

Con data 21.11.2025 foi remitida invitación a participar no procedemento negociado sen publicidade á empresa ZONYX TECH S.L.U., con CIF B98961519, empresa partner oficial de innovación da Real Federación Española de Natación, de acordo co certificado de exclusividade de data 14.06.2024 emitido pola RFEN.

No prazo de presentación de ofertas recibíuse a seguinte:

LICITADOR	DATA DE PRESENTACIÓN	OFERTA ECONÓMICA
ZONTX TECH S.L.U.	24.11.2025 (R.E. 2025/999/2496)	72.000,00 € (sen IVE)



A Mesa de contratación, logo da reunión de data 25 de novembro de 2025, valorou as ofertas da seguinte maneira:

- 1.- Admitir a proposta presentada pola empresa ZONYX TECH S.L.U.
- 2.- Valorar os criterios cuantificables de forma automática contidos no prego de cláusulas administrativas particulares, da única empresa licitadora participante:

Licitador	Oferta económica (Sen IVE) (€)	Puntuación	Prazo exec.	Puntuación	TOTAL
ZONYX TECH S.L.U.	72.000,00	0,00	20 días hábiles	0,00	0,00

A empresa ZONYX TECH S.L.U. presenta con data 25.11.2025 (R.E. 2025/999/2505) as seguintes melloras relativas á execución a custo cero das adaptacións de dixitalización derivadas das obras de ampliación da piscina municipal:

“Mellora proposta: Execución a custo cero das adaptacións de dixitalización derivadas das obras de ampliación da piscina municipal.

A empresa ofertante comprométese a realizar sen custo adicional para o Concello de Cedeira todas aquelas adaptacións, modificacións, axustes técnicos ou actualizacións dos sistemas de dixitalización, control, comunicación ou infraestrutura tecnolóxica da piscina municipal que resulten necesarias como consecuencia directa ou indirecta das obras de ampliación actualmente previstas ou en execución.

Este compromiso inclúe, entre outros, e sempre que sexa preciso:

- * Actualización ou reconfiguración de sistemas e control de accesos, tornos, lectores ou terminais.
- * Adaptación de cableado, redes, comunicacións internas e dispositivos dixitais.
- * Reubicación, reinstalación ou posta a punto de equipos tecnolóxicos afectados polas obras.
- * Modificacións de software ou parametrización necesarias para o correcto funcionamento dos sistemas dixitais existentes.
- * Calquera outra actuación tecnolóxica imprescindible para garantir a continuidade e funcionalidade plena dos servizos dixitalizados da piscina municipal.

A empresa asume integramente o custo económico, técnico e de man de obra destas actuacións, considerándoas unha mellora incluída na súa oferta económica, sen repercusión algunha para o Concello”

- 3.- A Mesa formulou unha proposta de adxudicación a favor da única empresa invitada:

PROPUESTA DE ADJUDICACIÓN	
Licitador:	ZONYX TECH S.L.U., con CIF B98961519
Importe:	72.000,00 € + 15.120,00 € (IVE). TOTAL: 87.120,00 €
Prazo de execución:	20 días



Melloras:

Incluídas no escrito de data 25.11.2025 (R.E. 2025/999/2505):
“Mellora proposta: execución a custo cero das adaptacións de dixitalización derivadas das obras de ampliación da piscina municipal”

Con data 25.11.2025 a empresa ZONYX TECH S.L.U. presenta a través da Sede electrónica do Concello de Cedeira a documentación previa á adxudicación, e o xustificante de ter constituída a garantía definitiva polo importe de 3.600,00 € mediante transferencia bancaria á conta ES1520805196293110000027, titularidade do Concello de Cedeira.

Revisada a citada documentación pola Mesa de contratación, resulta correcta.

Con data 26.11.2025 emitíuse pola Intervención municipal un informe de fiscalización previa ao compromiso do gasto.

Examinada a documentación citada, e de conformidade co establecido no artigo 158 e na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

1. Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
2. Adxudicar o contrato de subministro denominado DIXITALIZACIÓN DA PISCINA CUBERTA por procedemento negociado sen publicidade coas seguintes condicións:

Adxudicatario:	ZONYX TECH S.L.U., con CIF B98961519
Importe:	72.000,00 € + 15.120,00 € (IVE). TOTAL: 87.120,00 €
Prazo de execución:	20 días
Melloras:	Incluídas no escrito de data 25.11.2025 (R.E. 2025/999/2505): “Mellora proposta: execución a custo cero das adaptacións de dixitalización derivadas das obras de ampliación da piscina municipal”

3. Dispoñer o gasto con cargo á partida correspondente do presuposto vixente de gastos.
4. Notificar a adxudicación á empresa adxudicataria.
5. Publicar a adxudicación do contrato de subministro denominado “DIXITALIZACIÓN DA PISCINA CUBERTA” na Plataforma de Contratos do Sector Público.
6. Notificar a ZONYX TECH S.L.U., adxudicatario do subministro “DIXITALIZACIÓN DA PISCINA CUBERTA” o presente acordo, e citalo para a sinatura do contrato que se formalizará telematicamente no prazo de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte en que reciba a notificación do presente acordo.



7. Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 346 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
8. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Contratación.
9. Dar conta á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

19. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 665/2025 DE DATA 02.12.2025 DE LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/53

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 665/2025 de data 02.12.2025, que di:

“**Expediente:** 2025/G003/000690

Asunto: LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/53

DECRETO ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F/2025/55 que suma un importe total de 54.431,66 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/1966	A182 A182-25-0011	08/07/2025	A70124201	LANCER PROYECTOS Y OBRAS SA	Fresado de pavimento existente	O	1532	61900	32.845,03 €
F/2025/3622	V-FACTUR25 2025/3243	31/10/2025	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Outubro 2025	SE	1623	22799	22.586,63 €
TOTAL									55.431,66 €

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 02.12.2025 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2025/53 no que se sinala o seguinte:

“(…)

Que as obrigacións responden a gastos aprobados e, no seu caso, fiscalizados favorablemente, salvo que a aprobación do gasto e o recoñecemento da obrigación deban realizarse simultaneamente. INCÚMPRESE no caso da seguinte factura:



Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	TIPO CONTRATO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2025/1966	A182 A182-25-0011	08/07/2025	A70124201	LANCER PROYECTOS Y OBRAS SA	Fresado de pavimento existente	O	1532	61900	32.845,03 €

Non se seguiu o procedemento legalmente establecido, nin o disposto nas Bases de Execución do Orzamento.

Descrición da causa de reparo:

Facturas que corresponden a gastos tramitados sen seguir os procedementos fixados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público: Contratos menores.

De conformidade co disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), considéranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros*, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal (* Excluído o IVE).*

O mesmo artigo dispón que nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá a emisión dun informe do órgano de contratación xustificando de maneira motivada a necesidade do contrato e que non se está alterando o seu obxecto co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no parágrafo anterior.

Así mesmo requírirase a aprobación do gasto e a incorporación ao mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando sexa requirido polas disposicións vixentes. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanqueidade da obra.

A maior abundamento, as propias bases de execución do orzamento municipais esixen un procedemento mínimo de tramitación dos expedientes de contratos menores (...)"

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.

Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: "CONFORME" e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei



Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga reconecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2025, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2025, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

20. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

20.1 APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “CONSTRUCCION DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA”

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.12.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN “CONSTRUCCION DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA”

Nº Expediente: 2025/C003/000010

Este concello necesita levar a cabo a contratación dunha actuación denominada CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA, segundo o proxecto técnico redactado pola arquitecta D.a Silvia Alonso González (COAG 4997), en novembro de 2025, cun orzamento que ascende á cantidade de 689.799,50 € IVE incluído.



A actuación que se pretende está ubicada na parcela municipal con referencia catastral 6845238NJ7364N, con uso deportivo.

Inicialmente foi proxectado un pabellón deportivo que alberga unha piscina e pistas deportivas, vinculados ao campo de fútbol exterior. Recentemente foi realizada unha ampliación dunha zona de ximnasio na fachada noroeste do pavillón, así como a incorporación de pistas de pádel na súa zona exterior.

O obxectivo deste proxecto é o de completar o equipamento deportivo actual, cunha instalación especializada en triatlón e remo, creando un núcleo de entreno especializado que dispoña dunha zona de máquinas específicas de remo e unha zona de entreno cuberto de bicicletas enfocado á preparación de triatlón; ademais dunha sala de musculación con máquinas.

A actuación está financiada con cargo ao FONDO ADICIONAL DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO A ENTIDADES LOCAIS PARA INVESTIMENTOS DE CARÁCTER ESTRATÉGICO- PR486E polo que se concede ao concello de Cedeira a cantidade de 344.899,75€. O importe restante finánciase con cargo a fondos propios do concello.

Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2025/C003/000010:

- Proxecto técnico redactado pola arquitecta D.a Silvia Alonso González (COAG 4997) Proyestegal S.L, en novembro de 2025, cun orzamento que ascende á cantidade de 689.799,50 € IVE incluído.
- Providencia da Alcaldía de data 14.11.2025 proponendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Acta de replanteo previo de data 14.11.2025.
- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a non necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 19.11.2025.
- Informe técnico de supervisión de proxecto favorable condicionado, asinado en data 02.12.2025 polo arquitecto municipal
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 03.12.2025 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 03.12.2025.
- Informe xurídico favorable, de data 03.12.2025
- Informe de fiscalización favorable, de data 03.12.2025.

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o proxecto técnico redactado pola arquitecta D.a Silvia Alonso González (COAG 4997) Proyestegal S.L, en novembro de 2025, cun orzamento que ascende á cantidade de 689.799,50 € IVE incluído
2. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o proxecto denominado “CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO EN CEDEIRA”.
3. Autorizar, en contía de 689.799,50 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
4. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO



ESPECIALIZADO EN CEDEIRA” por procedemento aberto simplificado e asinado pola Alcaldía con data 03.12.2025.

5. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de vinte (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 14:05 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ